

Desde marzo a xuño, a Eurocidade Chaves-Verín acollerá o 6º Torneo de Fútbol-Sala Interparroquial, unha actividade con tradición na cidade lusa de Chaves e que o concello flaviense propuxo estender, no ámbito do proxecto que compartimos, ao noso municipio.

Ademais de fomentar o deporte entre as parroquias dos dous concellos, tamén se da así a oportunidade de convivencia entre os cidadáns ambos lados da fronteira. As inscricións poderán realizarse no Centro Cultural de Chaves e no Pavillón de Deportes de Verín, até o día 20 de febreiro, tal como se divulgará máis amplamente na Axenda Cultural común do próximo mes.